

A ANPA A Buxaina do CEIP A Gándara leva en funcionamento dende o ano 1984, cando aínda se denominaba como APA. Moito choveu ata que se recoñeceu nestas siglas a tarefa das mulleres, das nais que a sosteñen.

A nosa asociación nútrese das aportacións das socias e socios que a compoñen. Algunhas destas socias, nun momento dado, forman a directiva, no noso caso dita directiva debe estar composta de sete socias que adquiren, desta forma, un compromiso maior. A súa función máis básica é de carácter burocrático: deixar constancia de todo o que se fixo e se vai facer da maneira máis transparente. Porque os cargos, nunha asociación destas características sempre non retribuídos, son temporais, e temos que deixarlle todo ben ordenado e moi ben explicado á seguinte directiva. Así, o Libro de socias, o de Actas (tanto das reunións das directivas coma das asembleas ordinarias e extraordinarias), o de Contas e tódolos escritos enviados as diferentes administracións, contan unha historia: a historia da ANPA do cole público do barrio da Gándara.

Pero o máis importante dunha ANPA non é a súa directiva, senón as socias. A directiva executa as decisións que as socias toman nas asembleas xerais, que son o noso órgano de goberno. É importantísimo acudir ás asembleas e participar nelas. A directiva ten a obriga de escoitar ás socias (sempre, non só nas asembleas), pero para facelo as socias teñen que comunicarse con nós.

Tódalas ANPAS facemos política, na acepción máis nobre da palabra. Doutro xeito non seríamos máis que comisións de festas e de actividades. Protestar, requirir, solicitar, reunirse, acordar, loitar por algo, loitar contra algo, etc., é facer política e son parte das funcións que, coma ANPA, temos.

Facerse socia dunha ANPA é un acto individual e voluntario. Isto significa que, nun intre dado, unha ou un toma a decisión de formar parte dun colectivo con certas características. O que non significa é que te convertas por iso en mellor persoa que outra que decidiu non facelo.

As actividades que realiza a ANPA sufrárganse cos cartos das cotas das súas socias, pero delas beneficiase toda a comunidade educativa. O Samaín, o Magosto, a festa de Nadal son algunhas das actividades que se realizan en horario escolar para tódalas crianzas á conta da ANPA. Tamén nos encargamos da festa do Entroido e da festa de fin de curso. Por suposto, estamos a disposición do cole e do noso Concello para tarefas de voluntariado cando se nos require.

O horario de atención presencial é os luns e mércores no noso local de 9:10 a 10:00 horas, pero, agás os xoves, normalmente estamos á mesma hora os demais días. Si é necesario podemos acordar unha hora algunha tarde para quen o requira.

Tamén atendemos, claro, por teléfono ou WahtsApp, no 669 514 834. O noso correo electrónico e anpabuxaina@hotmail.com.

Para coñecer o que imos facendo, podeades seguirnos na nosa páxina de Facebook: <https://www.facebook.com/ANPABuxaina>, ou no Telegram: <https://t.me/abuxaina>.

Actualmente a directiva está formada polas seguintes nais e pais:

Verónica Trotta Fernández (presidenta e representante da ANPA no Consello Escolar) (cun fillo en 6º EP)

Lucía González Rodríguez (vicepresidenta) (con crianzas en 1º e 4º EP)

Lucía Guitián García (tesoureira) (cun fillo en 6º EP)

Martín Pardo Mazás (viceteseoureiro) (cun fillo en 2º EP)

Jorge Perille Arribe (vicesecretario)

Lorena López rego (vogal)

Jaime Acuña Jorge (secretario) (cun fillo en 5º EP)